

A AELG homenaxea o teatro galego cos seus premios

M.E. | 08 de Febreiro de 2014



Cesáreo Sánchez

Será protagonista privilexiado nas actividades deste ano. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega acordou na súa asemblea xeral homenaxear ao teatro galego cos seus premios, en recoñecemento ao esforzo dos seus protagonistas en tempos tan difíciles para o sector. Xabier P. DoCampo será homenaxeado coa letra E.

Os Premios da [AELG](#) deste ano terán ao teatro como protagonista. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega quere así recoñecer o esforzo e o compromiso da xente do

espectáculo para manter vivos os nosos escenarios nun momento en que os recortes afectan de maneira especial ás programacións culturais. Desta maneira, AELG premiará, en distintas categorías, a representantes de todas os ámbitos da escena galega. A compañía Sarabela, dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda recibirá o premio como agrupación profesional mentres Achádego de Lugo, que cumpre 25 anos neste 2014, será recoñecida polo seu traballo no teatro amateur. A todos e todas os que contribuíron ao desenvolvemento da escena galega homenaxearase no premio que a entidade concede á Asociación de Actores e Actrices de Galiza.

A AELG valorará tamén o impulso dalgúns institucións na promoción do teatro e, neste sentido, premiará ao proxecto Buxiganga, da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, polo seu labor de difusión e socialización do teatro galego. Tamén a área de cultura de Deputación da Coruña, polo premio Rafael Dieste, foi valorada pola asociación profesional literaria. Narón e Tui entran no palmarés da AELG como concellos que dedican un especial destaque ás artes escénicas.

En canto iniciativas privadas, a editorial Laiovento e o proxecto Casahamlet son os dous proxectos que merecen destaque da asociación presidida por Cesáreo Sánchez Iglesias.

Letra E a Xabier P. Docampo

O escritor Xabier P. DoCampo será este ano o homenaxeado coa letra E de “O Escritor na súa Terra” e protagonizará, polo tanto, a xornada na que, entre outros actos, plantará unha árbore no seu territorio biográfico. A homenaxe chega este ano á súa vixésima edición.

Alén destes premios, a AELG xa adiantará que o escritor vasco Bernardo Atxaga será, desta volta, o Escritor Galego Universal.

Homenaxe a Xela Arias e Luísa Villalta

Ao longo do mes de maio, a AELG dedicará tamén actos de homenaxe ás escritoras Xela Arias e Luísa Villalta, ao se cumpriren dez ano do seu falecemento.

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou este sábado día 8 de febreiro a súa Asemblea Xeral de Socios/as, no Salón de Actos do compostelán Museo do Pobo Galego. Decidiuse, entre outras cousas, que a Gala das Letras terá lugar o 3 de maio na cidade de Pontevedra. Tamén se aprobou incorporar aos estatutos as modalidades de socio protector e socio colaborador para entidades e particulares que, sen pertencer de maneira exclusiva ao mundo da escrita, contribúan ao desenvolvemento das actividades e a vida da Asociación.

You can see this article in the next direction <http://www.sermosgaliza.com/articulo/cultura/aelg-homenaxe-teatro-galego-cos-seus-premios/20140208103311023959.html>